




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



E-Dixgal

implantación do libro dixital



EDIXGAL

Curso	Niveis
2014-2015	5º de Primaria
2015-2016	5º e 6º de Primaria; 1º da ESO
2016-2017	5º e 6º de Primaria; 1º e 2º da ESO

Curso

2016-2017

93 centros educativos

7.000 estudantes



Curso 2020-2021



470

centros



7.000

docentes



34.000

estudiantes





<https://www.youtube.com/watch?v=eYCtrRi39wk>


https://www.youtube.com/watch?v=yje2FI_h-AI




Apoio

- Amtega
- Rede de formación

Aula E-Dixgal











ABALAR



Equipo alumnado



Equipo aula



HP ProBook x360



1xA
2x25/S[10]

Lenovo ThinkPad Yoga





1xA
2x25/S[10]



contidos

Weiter...

Danton. Sieh die hübsche Dame, wie artig sie die wahrhaftig, sie versteht's; man sagt, sie halte ihr das coeur und anderen Leuten das carreau hin. - noch in die Lüge verliebt machen.

Julie.

Glaubst du an mich?

Danton. Was weiß ich! Wir wissen wenig von Dickhäuter, wir strecken die Hände nacheinander vergebliche Mühe, wir reiben nur das grobe, wir sind sehr einsam.

Julie.

Du kennst mich, Danton.

Danton. Ja, was man so kennen heißt. Du lockiges Haar und einen feinen Teint und Georg! Aber (er deutet ihr auf Stirn und A hinter dem? Geh, wir haben grobe Sinne, müßten uns die Schädeldecken aufbrechen, ander aus den Hirnfasern zerren. -

Eine Dame (zu Hérault).

Was haben Sie nur mit Ihren Fingern v

Hérault.

Nichts!

Dame.

Schlagen Sie den Daumen nicht so e

THE ABACUS
AND THE SWORD

Typograf

Computer 612
Java
Gavin Ambrose • Paul Harris • Graphics

Survival Kit

edebé

netex
innovative learning technologies

SmarClassroom



aulaPlaneta[®]



Pearson



Ferramenta de autor

Exercicios

Contidos

Publicacións

Traballo colaborativo



Arrastrar
palabras



Arrastrar
zonas



Carrusel
afirmación
clave



Carrusel
ejercicios
opción
múltiple



Carrusel de
ejercicios
con imaxes



Marcar
palabras



Ejercicio
opción
múltiple



Completar




Carrusel
ejercicios
opción
única



Selección de
imaxes


Recomendacións xerais

- Sincronización diaria > XADE.
- Necesario a incorporación dos datos na convocatoria 20/21 de grupos, materias, alumnado, profesorado e titor en Xade nos cursos Edixgal.
- Os cambios feitos en XADE reflíctense no EVA ao día seguinte.




Recomendacións xerais

- Incorporar os contidos editoriais nos cursos do EVA
- Asegurarse da accesibilidade aos contidos mediante o Cliente Offline despois da súa incorporación ó EVA.
- Acceder ás xestión das credenciais do alumnado: O meu escritorio -> Xestión de credenciais no EVA.



Restaurar/clonar un equipo EDIXGAL



```
----- MENU v7_3 - SERVIDOR ABALAR -----  
(1) Arrancar dende Disco Duro (23)  
(2) CLONACION ABALAR v7.3  
(3) Datos do equipo
```

Xestión do equipamento E-Dixgal





<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/e-dixgal/informacion-para-familias>

PROXECTO EDUCACIÓN DIXITAL



1. QUE É O PROXECTO ABALAR?

O/A teu/túa fillo/a forma parte dunha xeración que crece nun mundo conectado, rodeado/a de smartphones, tabletas e ordenadores. A educación non pode ser allea a un mundo cada vez máis dixital. Por iso, desde a Xunta puxemos en marcha o **Proxecto Abalar**, enmarcado na Estratexia de Educación Dixital 2020, para proporcionarlle ao alumnado e aos/as docentes as **ferramentas tecnolóxicas** para que o ensino se axuste á realidade social na que viven as actuais xeracións.

Concibimos Abalar como unha iniciativa para transformar a aula tradicional nun aula dixital coa implicación de toda a comunidade educativa: pais, nais, titores/as legais, docentes e alumnado. Para conseguilo Abalar iniciou a súa andaina en 2010 proporcionando aos centros educativos:

- O equipamento e a conectividade.
- Contidos dixitais.
- Accións de formación e difusión para docentes e familias.
- Canles de participación a través de espazos web e apps para docentes e familias.

Abalar é unha iniciativa viva en evolución constante e desde hai tres anos ofrece contidos educativos exclusivamente dixitais para aulas de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de ESO, grazas á plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal. O/A teu/a túa fillo/a é un/unha dos preto de 30.000 alumnos/as galegos/as que xa estudan unicamente con libros dixitais e o ordenador é a súa ferramenta de estudo.

2. QUE OFRECE UN AULA DIXITAL?

As aulas dixitais están equipadas para ofrecer aos/as alumnos/as unha experiencia educativa adaptada ás necesidades duns/dunhas rapaces/as que se desenvolven nunha contorna tecnolóxica. Dispoñen dun **encerado dixital interactivo**, dun **proxector**, dun **portátil para o/a profesor/a** e dun **ordenador por alumno/a**. Ademais, contan con **conexión Wifi** para que o alumnado poida acceder aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu equipo.

O/A teu/túa fillo/a ten á súa disposición os contidos de todas as materias correspondentes ao seu curso na **plataforma virtual de aprendizaxe**. Isto significa que non emprega libros en papel. Pode acceder a esta plataforma desde calquera ordenador con conexión a Internet e empregando as claves que se lle entregan na clase.

Tamén pode acceder á plataforma **sen ter conexión a Internet**, a través do programa que xa vai instalado no equipo.

Deste xeito, en caso de que non dispoñan de conexión a Internet na casa, o/a teu/túa fillo/a poderá seguir o curso sen dificultade. Calquera avance que realice sen conexión será **actualizado de maneira automática na plataforma** en canto o portátil volva a ter conexión a Internet.

3. A QUE CONTIDOS ACCEDE O/A MEU/MIÑA FILLO/A?

Ademais do material didáctico de cada materia de varias editoriais (Edebé, Netex Learning, aulaPlaneta, Smart e Pearson) integrado na plataforma E-Dixgal, os/as docentes teñen á súa disposición o repositorio de contidos espazoAbalar (<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazos/recursos>) con **máis de 3.400 contidos educativos dixitais en 7 idiomas** e poden incluír material de produción propia, entre os que se atopan os **contidos innovadores producidos polo profesorado galego** na iniciativa DIXIT.

Estes contidos están deseñados para facilitar unha educación interactiva e participativa, empregando o portátil ou o encerado dixital.

Ademais, o portátil proporciona ao alumnado un amplo conxunto de aplicacións educativas agrupadas por categorías como **imaxes en 3D de planetas**, **táboa periódica** ou **editor de moléculas** para ciencias; **dicionarios** para as materias de lingua; **apps de experimentos e circuitos eléctricos** para física ou de **operacións e gráficas** para matemáticas, entre outras...

O emprego destes recursos e ferramentas facilita ao alumnado a adquisición de competencias dixitais necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.



4. CARACTERÍSTICAS DO PORTÁTIL E COMO SE DEBE CONECTAR Á REDE NA AULA E NA CASA

O/A teu/ túa fillo/a dispón desde hoxe deste PC Portátil, do modelo HP ProBook x360 11 G1 EE ou Lenovo ThinkPad Yoga 11e 5Th G (ambos modelos co mesmo sistema operativo, as mesmas aplicacións, e características e prestacións similares), que pode ser utilizado tanto no modo portátil como no modo tableta.

No centro educativo, a conexión á rede WIFI Abalar é automática, polo que non é necesario que o/a alumno/a faga ningún tipo de configuración.

No fogar, o/a alumno/a pode conectar o equipo a unha rede WIFI seguindo estes sinxelos pasos:

- Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
- Seleccionar a rede WIFI á que se desexa conectar.
- Introducir o contrasinal e premer o botón conectar.

Tamén pode conectar o equipo a unha rede fixa. Se esta rede proporciona dirección de xeito automático (mediante DHCP), unha vez conectado o equipo, o/a alumno/a non terá que realizar ningún tipo de configuración. Se non é así pode conectar o equipo seguindo estes sinxelos pasos:

- Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
- Seleccionar Editar as conexións.
- Premer Engadir.
- Seleccionar Cableada.
- Na lapela Configurar IPv4 introducir os valores axeitados da conexión cableada.
- Premer o botón gardar.



5. QUE SE PODE E QUE NON SE PODE FACER CO PORTÁTIL?

O/A teu/túa fillo/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado. Non se poderá utilizar este equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro. Ademais, non poderá cederse a terceiras persoas. A utilización non permitida do equipo será recollida como conduta contraria á convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

- Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado.
- No caso de ser necesario realizar unha reparación do hardware do ordenador, esta deberá levarse a cabo nun servizo técnico que esté autorizado para a reparación do dito modelo de ordenador.
- Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera dano observado no equipo.
- O/A teu/túa fillo/a comprométese a levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada.
- O ordenador deberá devolverse ao rematar o curso en perfecto estado de funcionamento, e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.
- O profesorado e o/a coordinador/a E-DIXGAL do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de constatar o seu estado.

6. QUEN É RESPONSABLE DO PORTÁTIL?

A responsabilidade do correcto coidado do uso e do equipo recae nos/as pais/nais/titores/as legais, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no equipo (que supoña a rotura de calquera elemento do ordenador non contemplado na garantía). Isto non inclúe as avarías que podan producirse na utilización diaria do equipo e que estean recollidas na súa garantía.

O centro proporcionarache o formulario de asunción de responsabilidade que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo.



7. SEGURO OPCIONAL PARA O PORTÁTIL ↻

Se o desexas, **podes contratar un seguro anual** (válido para o curso escolar 2019/2020 - dende setembro de 2019 ata agosto de 2020), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O **custe anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído)**, e a súa contratación pode realizarse a través do **Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento**, realizando un pago anual mediante transferencia bancaria.

O **seguro cubre** os seguintes danos:

- Rotura de calquera componente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores, ...).
- Rotura do cargador de alimentación.

O **seguro NON cubre** os seguintes danos:

- Roubo, furto, extravío ou perda, tanto do portátil, como do cargador de alimentación, ou do lápis.
- Rotura do lápis, ou da punta deste.

8. EN CASO DE AVARÍAS OU DÚBIDAS, CONTÁCTANOS

Se che xorden dúbidas sobre o uso da plataforma ou tes unha incidencia técnica podes contactar co **Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento** de luns a domingo a calquera hora, a través do teléfono **881 86 99 00**, do correo electrónico **soporte.premium@edu.xunta.gal**, ou da mensaxería instantánea no número de **WhatsApp 604 06 78 56** ou no **Telegram** na conta **@Serviciopremiumedixgal**

O **Servizo Premium** encargarase da xestión de avarías, incidencias, problemas e a aclaración de dúbidas e consultas sobre as ferramentas ou o equipamento que pais, nais, profesorado ou alumnado poidan ter no Proxecto Educación Dixital.

Ademais, para axilizar a resolución de incidencias tes á túa disposición no equipo portátil unha aplicación "Acerca da Maqueta Abalar" que, a través dun Código QR, simplificará a creación da incidencia ou consulta.



9. SEGUE A ACTIVIDADE EDUCATIVA DO/A TEU/TÚA FILLO/A

Abalar pon á túa disposición diferentes canles online, a través do portal "**espazoAbalar**" e da aplicación móbil "**abalarMóbil**", para que poidas seguir a actividade educativa do teu fillo/a e contactar co profesorado.

espazoAbalar

No espazo "**familias**" do Portal **espazoAbalar** <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/> podes consultar toda a información académica do/a teu/túa fillo/a:

- Datos persoais do/a teu/túa fillo/a.
- Cualificacións.
- Información relativa ao curso no que está, como o grupo, horario ou as materias que cursa.
- Condutas contrarias á convivencia.
- Calendario académico.
- Subscribirte ás novidades académicas do/a teu/túa fillo/a, que recibirás como notificacións a través de correo electrónico.
- Xustificar, se o profesorado o habilita, as faltas.
- Concertar citas, se o profesorado o habilita, co/a titor/a ou especialista.
- Servizos complementarios: as paradas do transporte escolar, o menú do comedor.
- Realizar o pago telemático do comedor.
- Acceder ao repositorio de contidos educativos.

O portal conta cunha guía explicativa de como acceder a todos estes servizos.

App abalarMóbil



Ademais da web, o proxecto Abalar ofrécete a opción de seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/ desde calquera lugar e en calquera momento desde o teu móbil ou tableta coa app **abalarMóbil**.

Pódela descargar dende Apple store (se o sistema operativo é IOS) ou dende Play Store (se o sistema operativo é Android) para:

- Acceder a datos persoais.
- Consultar as cualificacións.
- Comprobar e xustificar, se o profesorado o habilita, as faltas de asistencia.
- Condutas contrarias á convivencia.
- Solicitar unha cita, se o profesorado o habilita, co/a titor/a ou especialista.
- Consultar os datos do centro educativo.
- Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
- Consultar as incidencias creadas polo profesorado.
- Contestar, se o profesorado o habilita, ás mensaxes enviadas.
- Modificar o idioma da aplicación.

7. SEGURO OPCIONAL PARA O PORTÁTIL APARTADO NUEVO

Se así o desexa, pode contratar un seguro anual (valido para un o curso escolar 2020/2021 - dende setembro de 2020 ata agosto de 2021), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O custe anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído), e a súa contratación pode realizarse a través do Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento, realizando un pago anual mediante transferencia bancaria.

O seguro cubre os seguintes danos:

- Rotura de calquera componente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores, ...) ☐
- Rotura do cargador de alimentación ☐

O seguro NON cubre os seguintes danos:

- Roubo, hurto, extravío ou perda, tanto do portátil, como do cargador de alimentación, ou do lapis ☐
- Rotura do lapis, ou da punta deste. ☐



O **Soporte Premium** canalizará todas as incidencias relativas aos centros, familias e profesorado.

Email: soporte.premium@edu.xunta.gal

Teléfono: 881 86 90 00

WhatsApp no número 604 06 78 56

Telegram na conta @Serviciopremiumedixgal



www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/e-dixgal/soporte



Servizo de formación do profesorado, CAFI e CFRs




Rede de Formação Permanente do Professorado




CAFI


centro autonómico
de formación e innovación





CFR
A CORUÑA




CFR
FERROL




CFR
LUGO

CFR
OURENSE

CFR
PONTEVEDRA




CFR
VIGO



abalar.zona@



- Comunicación directa
- Acceso ao EVA
- Acceso a evaformacion
- Redeiras







XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Acceso aos
servizos

Contidos orientados



Alumnado e
Familias



Centros e
Profesorado



Prensa

O que está a acontecer agora en Abalar

Abalar na rede : 

NOVA DE ACTUALIDADE | 29/06/2017

Consulta ao Mercado: Ábrese o procedemento de Consultas Preliminares do Mercado para a Posta en marcha dun servizo Premium de atención e soporte técnico á Educación Dixital no marco do Proxecto ABALAR-EDIXGAL

Como paso previo á definición dos modelos de contratación pública que se desenvolverán nunha seguinte fase, considérase de interese promover un procedemento de Consultas preliminares do Mercado a modo de convocatoria aberta de propostas de solucións innovadoras, como medio para identificar tecnoloxías, solucións e modelos organizativos de interese para o reto que se propón no ámbito da atención e soporte aos usuarios da Educación Dixital.

 [Consulta ao Mercado](#)

ACTUALIDADE DO PROXECTO | 16/06/2017

Abalar: Novos contidos intelixentes para E-Dixgal

Ao longo do curso 2017-2018 os docentes que imparten en aulas do proxecto E-Dixgal van a dispoñer de novas funcionalidades para os contidos da editorial Netex para Inglés (5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO) e Matemáticas (6º primaria e 1º de ESO). Neste sentido, o profesorado vai a poder personalizar e actualizar o contido editorial mediante unha sinxela interface. Ademais, pode crear os seus propios materiais didácticos e ofrecer contidos individualizados ao alumnado sen saír da propia unidade didáctica.

 EXPERIENCIAS. AULAS 2.0 | 16/06/2017

CEIP A Cristina: No CEIP A Cristina traballamos con E-Dixgal

O CEIP A Cristina de Carballo comezou a súa andadura no Proxecto de

Buscador

Buscar neste sitio:

Busca avanzada >

E-DIXGAL



Implantación do libro dixital nos centros educativos.

Repositorio de contidos educativos



Ferramentas para traballar na selección e desenvolvemento de materiais educativos.

Contidos orientados



**Alumnado e
Familias**



**Centros e
Profesorado**



Prensa



EDIXGAL

EDUCACIÓN DIXITAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Acceso aos
servizos**

Introdución

Listado Centros E-Dixgal

Equipamento Alumnado

Equipamento Aula Dixital

Soporte Premium

Entorno Virtual de Aprendizaxe

Formación profesorado

Información para as familias

Novas de actualidade

E-Dixgal: Educación Dixital



Buscador

Buscar neste sitio:



[Busca avanzada >](#)



www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/e-dixgal




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



E-Dixgal

implantación do libro dixital



EDIXGAL